

ANÁLISE DUNHA OBRA DE ARTE

Para comentar unha obra de arte temos que realizar unha **análise detida da obra** que se nos propón comentar, e **situar esta obra cronolóxica e estilisticamente**, é dicir, enmarcala sintetizando as características esenciais do estilo ao que pertence, o contexto artístico no que xorde e as achegas máis importantes da obra e do seu autor á arte posterior.

1. COMENTARIO DUNHA ARQUITECTURA

a) Imaxe a comentar

- Pode tratarse do **plano** ou **planta** do edificio, a súa proxección no chan, coas delimitacións de macizos, vans e arcos que se representan por superficies negras ou raiadas (indicando o grosor de muros e soportes), ou por baleiros no caso dos vans (portas e fiestras), e por liñas de puntos para indicar arcos ou outros elementos que non apoian no chan.
- Pode ser a **proxección** vertical do edificio, que é o **alzado** (pode tratarse dun debuxo ou unha fotografía, tanto do interior como do exterior do edificio) ou **sección** (representación gráfica do edificio en relación cun plano que o corta).

b) Tipoloxía arquitectónica

- Débese indicar o tipo de edificio: construción **civil** (palacio, castelo, lonxa, concello, rañaceos, teatro...) ou **relixiosa** (templo, baptisterio, mosteiro). Tamén hai que indicar a parte do edificio de que se trata: fachada, testeiro, nave, ábsida, claustro.

c) Elementos construtivos

- **Muros.** Débese sinalar a función do muro (se se trata dun elemento de peche ou exerce unha función sustentante das cubertas; indicar o tipo de material: pedra, ladrillo, madeira); tipo de aparello utilizado (cantería, cachotería, ciclópeo). O grosor dos muros e a súa relación cos vans pode ser tamén un indicativo do estilo ao que pertence a obra: pode predominar o macizo sobre o van, alixeirarse con grandes vans, artellarse por medio dalgún elemento decorativo ou tratarse dunha superficie continua.
- **Soportes.** Pódense identificar tanto na planta como no alzado. O muro pode funcionar como soporte, pero tamén existen soportes exentos, como a **columna** e o **piar**, xeralmente de sección rectangular, que pode presentar formas poligonais ou cruciformes na súa sección. As columnas de diferente tamaño que se adhíren á estrutura base forman o piar composto. A multiplicación de columniñas adheridas dará lugar ao piar fasciculado.
- **Arcos.** O arco é un elemento fundamental con función á vez decorativa e sustentante. Cando analizamos unha arquitectura hai que identificar o tipo de arcos, xa que son indicadores do estilo ao que pertence a obra: medio punto, apuntado, de ferradura. Tamén hai que sinalar a función: os arcos faixóns suxeitan e dividen en tramos unha bóveda de canón, os formeiros dividen lonxitudinalmente o edificio en naves, o triunfal nas igrexas separa a nave do altar.
- **Cubertas.** Un edificio pode ser alintelado ou abovedado. Na arquitectura **alintelada** ou **arquitrabada** a cuberta baséase nun **entaboamento** (arquitrabe, friso e cornixa) onde descansa unha cuberta recta, xeralmente con tellado a dúas augas. Na arquitectura abovedada a cuberta é unha **bóveda**, que tamén pode ser de distintos tipos: de canón, de aresta, de cruzaría. O elemento máis característico da arquitectura abovedada é a **cúpula**, na que haberá que diferenciar as súas partes (tambor, cúpula, lanterna), explicar o sistema construtivo (sobre trompas ou pendentes), decoración, situación.

d) Espazo arquitectónico creado.

- Comezamos por tratar as proporcións do edificio observando se a escala ten unha relación equilibrada co corpo humano ou se se buscan dimensións colosais. Sinalaremos a importancia que o arquitecto concede ao exterior e ao interior, se é unha relación equilibrada ou se destaca máis unha ou outra. Débense analizar a relación entre o espazo interior e os volumes exteriores da obra.

e) Efectos lumínicos no edificio

- Observaremos os vans, o seu número, forma e dimensións. Sinalaremos a importancia que a luz ten na configuración do espazo interior favorecendo espazos diáfanos, dinámicos ou búscase a penumbra e o recollemento.

2. COMENTARIO DUNHA ESCULTURA

a) Tipo de escultura

- Diferenciación entre escultura exenta ou de vulto redondo e o relevo. Unha escultura **exenta** pode ser unha figura ou varias (grupo escultórico), de corpo enteiro ou amosando só unha parte (torso, cabeza) e pode presentarse en distintas actitudes: de pé, xacente, ecuestre. Nos **relevos** diferenciamos altorrelevos, mediorrelevos ou baixorrelevos, dependendo do que sobresaia a imaxe do plano ao que está adherida.

b) Materiais e técnicas

- Os materiais máis habituais son madeira, pedra, mármore, bronce, ferro, ouro, prata.
- A elección do material condiciona a técnica (tallado, modelado, fundido) e o seu tratamento externo, que ofrecerá superficies lisas e puídas, ou rugosas e arestadas, dando sensación de dureza ou suavidade.

c) Asunto ou tema representado

- Descrición da escena ou figura representada e identificación do tema de que se trate, a súa iconografía. Os temas son múltiples, pero poden integrarse en dous grupos: a temática **relixiosa** (Antigo e Novo Testamento, vidas de santos) e a **profana** (mitoloxía, política, retratos). Tamén podemos atopar relevos con finalidade puramente decorativa con motivos vexetais, xeométricos, etc.

d) Análise do volumen, a composición e o movemento

- A cultura é tridimensional, comporta un **volumen**. A súa vinculación coa arquitectura fai que poida estar limitada volumetricamente e sexa concibida para ter un punto de vista único (frontalidade). Outras veces a escultura crea espazo arredor e ofrece múltiples puntos de vista.
- Nos relevos hai que ter en conta a profundidade espacial, a forma de conseguir volume mediante a gradación de planos e espazo mediante a perspectiva e recursos propios da pintura.
- A escultura pode transmitir sensación de **movemento** ou de **repouso** segundo a disposición das figuras.
- O movemento determina a **composición**. Unha composición é **pechada** cando a escultura non se abre ao espazo que a rodea e a súa capacidade de movemento é limitada. Nas composicións **abertas** as figuras ábrense ao espazo que as rodea, e potencian o movemento.

e) Incidencia da luz

- Depende do material co que está realizada a escultura e do seu tratamento. Na escultura a luz é natural, pode ser suave ou **homoxénea** ou crear fortes **contrastos** lumínicos orixinando movemento e volume.

f) A cor

- Elemento expresivo que afecta de formas distintas segundo sexa natural, derivado do material, ou artificial, cando a escultura está policromada.
- O uso da cor pode ter un sentido naturalista ou simbólico.
- As técnicas na utilización da cor poden ser variadas (estufado, encarnado, vidrado, óleo).

g) Valores non formais

- A escultura ten unha finalidade comunicativa e valores expresivos que resolve con medios dispares. Pode reflectir a realidade (**figurativa**) ou independizarse dela (**abstracta**).
- As figuras poden ter un tratamento **naturalista** (no que predomine a idealización ou o realismo), ou **antinaturalista** (no que predominen valores simbólicos, convencionalismos...).
- O tratamento da anatomía pode ser correcto, incorrecto, proporcionado ou non, e marcar máis ou menos a musculatura. Normalmente vai unido a un sentido expresivo acentuado pola xestualidade das mans e os rostros ou a ausencia da mesma.
- O tratamento de roupas e pregues (finos, pesados, angulosos, ondulantes) tamén dá expresividade, xa que poden conferir movemento, e valores lumínicos ou dramáticos.

3. ANÁLISE DUNHA PINTURA

a) Xénero ao que pertence

- Temática desenvolvida: pintura **abstracta** ou **figurativa** (histórica, relixiosa, mitolóxica, retrato, natureza morta).

b) Técnica e materiais

- O fresco e o óleo son as máis frecuentes, pero non as únicas.

c) Estilo da pincelada

- Dependendo do artista, podemos atopar pinceladas máis ou menos grosas, soltas, alongadas, puntillistas, que se mesturan ao longo da Historia da Arte.

d) Texturas

- Aínda que sexan difíciles de apreciar nas reproducións artísticas, as texturas varían entre a lisura e as grosas capas de cor.

e) A liña e as contornas das figuras

- Contrastan estilos que priman o debuxo, cunha linealidade que marca os contornos das figuras nas obras, e outros que dilúen as figuras no ambiente, de xeito que apenas se distingue a liña de contorno dos personaxes.

f) Volume

- Sobre un soporte plano o artista pode suxerir volume a través, sobre todo, da utilización do **claroscuro** ou dos **xogos ópticos**. Nas vangardas do S.XX, os artistas valoraron o carácter **plano** das obras pictóricas.

g) A luz

- Ata o S.XIX os artistas traballaron con luz de obradoiro, e non saíron á rúa para valorar os efectos naturistas e radiantistas da mesma. Hai fortes contrastes entre estilos de luz **homoxénea** (Renacemento) e luz fortemente **contrastada** (Barroco).

h) A cor e a súa natureza

- A cor é un elemento básico da pintura. Pode ser **real** ou **simbólica**, máis ou menos vibrante, plana ou con tonalidades diversas, segundo o estilo e a época. Tamén pode transmitir sentimentos (proximidade, lonxanía, calma, irritación) e ten importantes valores expresivos.

i) A perspectiva

- A perspectiva suxire a prolongación da natureza no espazo dos óleos e frescos. Racionalizou a disposición das figuras en torno a puntos de fuga dentro do cadro, no que conflúen as liñas de fuga (perspectiva **xeométrica**).
- Leonardo da Vinci introduciu o aire como elemento que aportaba sensación de distancia e profundidade, a perspectiva **aérea**.
- No S.XX, os cubistas incorporan un novo xeito de perspectiva que pretende aglutinar diversas visións dentro do mesmo espazo de representación.

j) A composición

- En toda obra de arte hai unha estrutura interna. A organización das personaxes e elementos faise en base a estruturas xeométricas (cadrados, círculos, triángulos) no Renacemento, mentres que o desorde e o dinamismo (diagonais) predomina, por exemplo, nas composicións barrocas.

h) Obra figurativa ou abstracta

- Un mesmo tema pode ser interpretado dun xeito naturalista, ata o S.XX, ou ser unha interpretación abstracta (que existía na Prehistoria e se recupera no S.XX).

i) Realismo ou idealización dos personaxes

- Os criterios estéticos varían segundo as sociedades e culturas. O modelo clásico pretende buscar o canon de beleza ideal, pero haberá representacións que tratan de ser fidedignas coa realidade, plenamente naturalistas.

4. IDENTIFICACIÓN E COMENTARIO

Unha vez analizados estes aspectos da obra, haberá que situala cronolóxica e estilisticamente e identificar obra e autor. Haberá que comentar promenorizadamente a obra, situándoa no seu contexto socio-cultural, sinalando as características máis importantes do estilo ao que pertence, relacionándoa con outras obras do seu autor e os seus contemporáneos.